



Museo do Pobo Galego

PROGRAMACIÓN BACHARELATOS, F.P. BÁSICA E CICLOS FORMATIVOS 2015-2016



As opcións que vos presentamos a continuación pretenden ser válidas para un achegamento ao museo desde os intereses diversos que as distintas familias profesionais contemplan. Isto implica que son tan só unha orientación sobre o que cremos que o Museo pode ofrecervos e que, co voso asesoramento e colaboración, podemos deseñar actividades “ad hoc” que respondan mellor as necesidades dos programas de Formación Profesional Básica, Ciclos formativos de grao medio e superior e Bacharelatos.

Para o uso do Museo como recursos didáctico podedes contar co acompañamento do persoal do departamento de educación, utilizar as propostas denominadas autónomas que contan con materiais do DEAC para usar no Museo ou facelo por libre. En calquera dos casos podedes contar co noso apoio.

O horario de setembro a xuño para as actividades con intervención do persoal do DEAC será de martes a venres de 11h a 14h. O horario de apertura do Museo é de martes a sábado de 10h30 a 14h e de 16 a 19h30. Domingos e festivos de 11 a 14h.

A dispoñibilidade de persoal e unha circulación máis cómoda e segura para as persoas fai aconsellable que en todos os casos concertedes a vosa visita cunha antelación mínima de 15 días. A entrada ao Museo é gratuíta para os menores de 18 anos. Os estudantes maiores desta idade teñen unha entrada reducida de 1 euro.* As actividades no Museo dirixidas polo Departamento de Educación e Acción Cultural teñen un custe de 70 ct. por alumno/a para todas as etapas educativas.

Para máis información, podedes acudir á nosa paxina web www.museodopobo.gal ao chamarnos ao 981583620 ou escribirmos a deac@museodopobo.gal Tamén estamos en facebook e no Twitter @MuseodoPobo.

Grazas!


* Consultar as circunstancias particulares co DEAC

Itinerarios

O Museo conta con diferentes salas clasificadas segundo os temas de estudo da etnografía clásica pero tamén hai outras cuestións que, non estando explícitas na exposición permanente, están contidas no traballo que se desenvolve desde as distintas áreas. Deste xeito son diversos os percorridos que se poden facer polo Museo e que poden practicarse como recurso educativo en distintas etapas da educación postobrigatoria. Estas temáticas ademais poden ser traballadas entre o centro e o Museo para adaptalas ás necesidades concretas de cada etapa e currículo.

- A temporalización aproximada é de 50 minutos.
- O número de participantes máximo é de 25 alumnos e alumnas.

Mar e campo: este itinerario, tal e como o seu nome indica, abrangue ambas salas onde se presentan distintos aspectos etnográficos e históricos do medio mariño e do agro que marcaron o sistema produtivo galego e que fan parte das problemáticas e tamén das solucións na actualidade. Desde a chegada dos fomentadores á costa galega e o impulso da pesca a través da sardiña, a propietarización da terra e as estratexias de adaptación a novos modelos produtivos ou a pervivenza de prácticas silvícolas tradicionais co monte como elemento fundamental do mesmo.



Oficios: podemos considerar que o conxunto de actividades que abrangue este itinerario, funcionaron no seu día como un elemento fundamental da economía e do comercio. A factura dos produtos realizados implica un conxunto de saberes e habilidades específicos que se foron transmitindo de xeración en xeración. Algunhas viviron momentos de auténtico auxe no pasado e outras, despois de anos de esquecemento, véñense recuperando desde o que damos en denominar artesanía.

Sociedade, memoria e tradición: a sociedade galega ten usos, costumes e crenzas que a caracterizan, aspectos que seguen a definirnos no presente. A casa, a propiedade, o concepto cíclico do tempo, a corrente da vida ou a saúde, son algúns dos puntos que se tocan neste itinerario.

Impresión e encadernación: o libro e a prensa: en 1440 Gutenberg inventa a imprenta. Corenta anos despois aparece en Galicia. A historia da imprenta no noso país, o vello coas publicacións periódicas e a profusión e diversidade desta durante os séculos XIX e XX fan parte deste itinerario.

Espazo construído: sociedade, cultura e espazo interrelaciónanse. O espazo construído reflicte as estruturas sociais que o concibiu. Neste itinerario tratamos de evidenciar as relacións entre ese espazo e a sociedade que o construíu visitando salas do Museo e o contorno de Bonaval

O Museo como espazo de dinamización sociocultural: o espazo do Museo é hoxe moito máis que as exposicións pois exercen cada vez máis como centros socioculturais para a sociedade que os sustenta. Son desde espazos idóneos para desenvolver ámbitos da educación non formal ata fonte de recursos para o envellecemento activo.



O Museo como espazo de dinamización sociocultural: os museos son hoxe moito máis que as súas exposicións. Deben ser espazos de encontro e comunicación que propicien a participación cidadá e unha aprendizaxe multidisciplinaria e tamén intercultural. Os museos poden ser axentes importantes na dinamización cultural dunha comunidade.

O Museo na dinamización turística: os centros museísticos poden ser potentes focos de atracción turística. A atención ás diferentes demandas deste amplo sector así como a interpretación do patrimonio que alberga esta entidade serán abordadas neste percorrido.

A escola e o Museo: os museos deben ser un apoio para as distintas etapas da educación formal. A maneira en que traballamos desde o departamento coas escolas e como achegamos os contidos do Museo ao alumnado é o fío deste percorrido práctico polas distintas salas.

Outros recursos

Os itinerarios pódense combinar co uso da videoteca de préstamo. É posible ver os documentais incluídos neste listado nos propios centros ou, sempre e cando haxa dispoñibilidade, proxectalos no Museo.

<http://museodopobo.gal/web/uploads/file/VIDEOTECA.pdf>

Ademais a programación cultural do Museo ten varias actividades que poden ser de interese para o alumnado destas etapas da educación como os Cafés da Memoria ou a Mostra de Cinema Etnográfico. Na web e nas redes vanse anunciando os distintos eventos de dita programación.